



Estimada familia:

Comunicolles que se confirmou un caso/brote da Covid-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Ata o momento detectáronse \_\_\_ casos. O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tusir ou esberrar. Os síntomas poden aparecer ata os 10 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar con **síntomas**<sup>1</sup> respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; ou tamén pode cursar de forma asintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. **Se o/a seu/súa fillo/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias.**
- Os **contactos estreitos** deben realizar corentena durante 10 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 3 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa Covid-19, ante os cales deberán permanecer en **illamento**<sup>2</sup> e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.
- O **resto da comunidade educativa**, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa Covid-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para a Covid-19<sup>3</sup> pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.
- Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

Pode atopar información sobre as medidas de corentena e illamento na **Web de información para a cidadanía sobre SARS- CoV-2 do SERGAS**<sup>4</sup>.

Reciban un cordial saúdo,  
Sinatura

---

1 Cuestionario de autoavaliación: [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa\\_de\\_autoavaliacion.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_de_autoavaliacion.pdf)

2 Illamento no domicilio de casos confirmados: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Illamento-domicilio?idioma=ga>

3 Condicións crónicas de saúde como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial.

4 Web do SERGAS de información para a cidadanía sobre o coronavirus: <https://coronavirus.sergas.gal/>